

**ACTA DA SESION ORDDINAARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE SETEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecinco de Setembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 18 de Setembro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Manuel Rodríguez Castaños**, con domicilio na rúa Italia nº21, 7ºC, para que nunha finca da súa propiedade sita no Camiño Chan do Baño ( Prexigueiro), poida construír unha vivienda unifamiliar; a obra axustarase ó proxecto presentado no relativo a vivienda unifamiliar e cerramentos ás vías circundantes;

solicitará licenza de primeira ocupación; depositará unha fianza de 150.000 pesetas para responder da actuación e posibles danos ou desperfectos na vía pública, cerramentos de parcela, etc. A validez desta licenza é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licenza, o cal importe é de 318.762 pesetas.

### **3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto o escrito presentado por **Don Ambrosio Lorenzo Rodríguez**, veciño de Carballada de Avia, con domicilio en San Esteban de Novoa ( Carballada de Avia), no que interesa información urbanística dunha finca da súa propiedade sita en Francelos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: " A calificación do solo corresponde a UMA III.-Ordenanza 14.2. Usos mixtos A do Estudio de Detalle Francelos Travesía; 14.2. Ordenanza, Usos Mixtos; Definición, espacio de Ordenación aberta, cerrada ou mixta destinada a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotacions, así como demais usos nucleares asociados a eles; Dadas as diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación á presente ordenanza, divídese en dous graos: GRAO A; Ambito territorial: sinalado no plano de aliñacións, rasante e ordenación; NORMAS DE USO.-USOS ADMITIDOS.- Residencial: Vivenda agrupada; Comercial: primeira categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: Calquera categoría. NORMAS DE VOLUME.-CONDICIONS DE POSICION: Aliñacións, segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; rasantes as existentes; posición, entre medianeiras. CONDICIONS DE PARCELACION.- Parcela mínima: 60 metros cadrados; Frente mínimo: 6 metros. CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima tres plantas ( B+2); permítese o aproveitamento do baixo cuberta; o patio de parcela poderase cubrir cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; Fondo máximo edificable: 12 metros; na planta baixa e soto a ocupación poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da Ordenanza; é preceptivo que previo a acción edificativa cédanse os terreos adicados a viais e en base a un proxecto técnico de urbanización se urbanicen. Adxunto, facilítase copia do plano E. 1:500 coas presentes condicións urbanísticas".

Visto o escrito de **Don Manuel González Miguelez**, veciño desta

vila, con domicilio na rúa Cano de Francelos, no que interesa información urbanística dunha finca da súa propiedade sita no término denominado "A Eira" ( Francelos), a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: " O emprazamento está fóra do ámbito do PERI de Francelos; o solo está clasificado como SNU/N.- O Concello de Ribadavia está situado na Area 2 . Aplicase o artigo 24 das NN.SS provinciales.- CONDICIONS DE POSICION.- Vivenda. Retranqueo frontal: 5 metros a partir da arista; resto de retranqueos 3 metros; Parcela mínima, unidade de cultivo; Altura máxima vivenda: 2 plantas ou oito metros; Outros usos: 5 metros; aportarase documentación segundo determina o artigo 42 da L.S.G.a fin de inicia-lo trámite da posible autorización".

Visto o escrito de **Don Odilo Alonso Mosquera**, veciño da Franqueirán, no que interesa autorización para proceder ó cerramento dunha finca no termino "Arquetiña", do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e baseándose nun informe emitido polos servicios técnicos do Concello, acorda comunicarlle que o muro de nova construción estará a 5,50 metros do eixe unindo coa fase vella.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Non houbo.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, a autoliquidación de prezo público por ocupación de terreos públicos con postos, barracas, espectáculos, etc., con motivo das Festas do Portal, por importe de 953.000 pesetas, segundo detalle que consta no expediente das Festas do Portal 95.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o recoñecemento a conta do contrato de espectáculos da Festa do Portal á empresa Produccións Artísticas Camoeiras, por importe de 4.000.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concede-la gratificación de 20.771 pesetas a Don Gustavo Bangueses Gil, polo desempeño de cabo accidental durante o pasado mes de Xullo.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as sete e vinte da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.